



**PROXECTO EDUCATIVO  
DE CENTRO**

**IES ALEXANDRE BÓVEDA**  
**Rúa Cuntis s/n**  
**36209 Vigo**

## Índice

1. CONTEXTUALIZACIÓN.....	4
1.1. SITUACIÓN XEOGRÁFICA.....	4
1.2. INFRAESTRUTURAS DE SERVIZOS SOCIAIS NO BARRIO DE COIA.....	4
1.3 FAMILIAS E ALUMNADO.....	5
1.4 CONTORNA SOCIOLINGÜÍSTICA.....	5
2. NOTAS DE IDENTIDADE.....	6
2.1. INSTITUCIONAIS.....	6
2.2. ESTILO DE FORMACIÓN DO CENTRO.....	6
2.3. ENSINO – APRENDIZAXE.....	7
2.4. MODELO DE XESTIÓN.....	8
3. O CENTRO.....	8
3.1. RECURSOS MATERIAIS.....	8
3.1.1. Edificio.....	8
3.1.2. Aulas e material.....	8
3.2. RECURSOS HUMANOS.....	9
3.2.1. Profesorado.....	9
3.2.2. Persoal non docente.....	10
3.2.3. Anpa.....	10
3.3 OFERTA EDUCATIVA.....	10
3.4 ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES.....	11
3.4.1. Actividades deportivas.....	11
3.4.2. Actividades culturais.....	11
3.5. CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO.....	12
3.5.1. Procedencia e distribución.....	12
3.5.2. Participación na vida escolar.....	12
3.5.3. Outros datos de interese.....	13
3.6 HORARIO LECTIVO.....	13
4. OBXECTIVOS DO CENTRO.....	13
4.1. PEDAGÓXICOS.....	13
4.1.1. Relativos á metodoloxía.....	13
4.1.2. Relativos ós contidos.....	13
4.1.3. Relativos á orientación educativa e profesional.....	14
4.2. XESTIÓN-PARTICIPACIÓN.....	14
4.2.1. Xestión.....	14
4.2.2. Participación.....	15
4.3. HUMANOS.....	15
4.4. CONTORNO.....	15

5. CRITERIOS DE AVALIACIÓN, PROMOCIÓN, TITULACIÓN E MATRICULA DE HONRA	16
5.1. ESO	16
5.1.1. Avaliación ESO	16
5.1.2. Promoción ESO	17
5.1.3. Título de graduado en educación secundaria obligatoria (4º ESO)	18
5.1.4 Matricula de Honra na ESO	19
5.1.5. Consello orientador	19
5.2. BACHARELATO	20
5.2.1. Avaliación en Bacharelato	20
5.2.2. Promoción en Bacharelato	20
5.2.3. Título de Bacharelato	21
5.2.4. Acreditación de coñecementos previos en materias de continuidade	22
5.2.5. Matrícula de Honra	23
5.3. RECLAMACIÓNS CUALIFICACIÓNS	23
6. ELEMENTOS TRANSVERSAIS E EDUCACIÓN EN VALORES	23
7. LIÑAS XERAIS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE	24
7.1 MEDIDAS ORDINARIAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE:	24
7.2 APOIOS PARA CASOS ESPECÍFICOS POR PARTE DE ESPECIALISTAS EN PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA	25
7.3 ADAPTACIÓN CURRICULAR (AC)	25
7.4 EXENCIÓN DE IDIOMA PARA REFORZO: (expresamente non se considera medida extraordinaria)	26
7.5 AGRUPAMENTOS FLEXIBLES	26
7.6 PROGRAMAS DE DIVERSIFICACIÓN CURRICULAR PARA 3º E 4º DE ESO:	27
7.7. FLEXIBILIZACIÓN DO PERÍODO DE ESCOLARIZACIÓN	27
7.8. ENVÍO ALUMNADO A FP BÁSICA	27
7.9 ATENCIÓN EDUCATIVA AO ALUMNADO	27
8. ASPECTOS XERAIS DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS	27
9. ORGANIZACIÓN DO CENTRO	29
9.1 ÓRGANOS DE GOBERNO	29
9.2.ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE	29
10. ALUMNADO	30
10.1. DELEGADO/A DE GRUPO	30
10.2. XUNTA DE DELEGADOS	31
11. APROBACIÓN E REVISIÓN DESTE DOCUMENTO	31

## 1. CONTEXTUALIZACIÓN.

### 1.1. SITUACIÓN XEOGRÁFICA.

O IES Alexandre Bóveda é un centro público creado no ano 1.975 sito no barrio de Coia (Rúa Cuntis s/n). O Polígono de Coia está o SO do termo municipal de Vigo a pouca distancia da súa ría, esténdese entre a zona das Travesas e a praia de Samil; a Avda. de Castelao é a columna vertebral do barrio .

O Polígono de Coia, construíuse durante a década dos setenta, e hoxe ten unha poboación de máis de trinta mil habitantes. Naceu coa pretensión de resolver un grave problema que se presentara durante aqueles anos como consecuencia da carencia de vivendas que se estaba a acusar tralo aluvión que xerou o boom industrial de Vigo nese momento.

O problema do barrio de Coia é que non se desenvolveu cos servizos que estaban teoricamente previstos e propios dunha urbanización: centros comerciais, áreas de lecer, centros culturais, locais para terceira idade, parques, zonas deportivas, servizos médicos... e tomou o aspecto dun simple barrio dormitorio. Co tempo fóronse reparando esas carencias, aínda que, como é natural, sen conseguir o equipamento total que Coia debería ter dende un primeiro momento.

### 1.2. INFRAESTRUTURAS DE SERVIZOS SOCIAIS NO BARRIO DE COIA

#### Escolas

- No barrio de Coia existen 7 colexios públicos de Primaria, dos cales 4 son centros adscritos:
  - CEIP Illas Cies
  - CEIP Seis do Nadal
  - CEIP Balaídos
  - CEIP O Rocío
- 2 institutos públicos de Secundaria e Bacharelato.
- 2 colexios concertados de Primaria, Secundaria e Bacharelato.
- 1 colexio de educación infantil.

#### Equipamento sanitario

- Un centro de saúde dependente do SERGAS.

### Zonas verdes e equipamento deportivo e cultural:

O barrio de Coia dispón na actualidade de varias zonas verdes (A Bouza, praza da Miñooca, praza das Telladas...) sendo a máis extensa a que discorre ao longo da Avenida Castelao dende a Praza de América ata o cruce coas rúas Tomás Paredes e Porriño.

Instalacións deportivas: Pavillón municipal de Coia, campo de fútbol de A Bouza, pista polideportiva Volcáns...

Finalmente salientar que existe no barrio un importante movemento cidadán composto por varias asociacións de veciños e diversas asociacións socio-culturais.

### Transporte

Varias liñas de transporte urbano conectan o barrio de Coia con outras zonas de Vigo. A maior parte do alumnado desprázase a pé ata o Centro xa que reside nas rúas próximas.

Na ESO, o centro conta cun servizo de autobuses postos pola Consellería de Educación para uns 250 alumnos

### 1.3 FAMILIAS E ALUMNADO.

A maior parte do alumnado naceu e reside en Vigo ou na contorna e o resto son nados en Galicia fora de Vigo. Aínda que hai alumnado nado no resto de España e inmigrantes estranxeiros, estes son un número reducido.

No que respecta á situación socioeconómica tendo en conta os ingresos económicos unha maioría pertence á clase media e a profesión maioritaria entre os pais é a de traballador cualificado.

En canto ós estudos de pais e nais, son maioría os que teñen titulación da bacharelato, formación profesional ou título universitario fronte aos que teñen titulación en ESO ou EXB, ou non teñen estudos.

### 1.4 CONTORNA SOCIOLINGÜÍSTICA.

O galego segue sendo moi utilizado polos/as avós/avoas, aínda que o castelán xa está un pouco por riba tamén neste sector, máis descende dunha maneira acentuada entre pais e nais e na mocidade. Significativo é tamén o dato de seren practicamente capaces de comprender, falar e escribir en galego, aínda que cren ter máis dificultades que co castelán.

Análise polo miúdo da enquisa:

- O galego é a lingua máis usada na xeración dos avós dos nosos alumnos e alumnas. Esta porcentaxe redúcese nos pais e nais; destaca o número de pais e nais que habitualmente utiliza o castelán.
- O maioría do alumnado declara que a lingua que aprendeu primeiro foi o castelán, uns poucos castelán e galego, e moi poucos galego.
- É así que practicamente todo o alumnado afirma ser capaz de comprender o galego ; menos son os que afirman ser capaces de falalo e escribilo, xa que tenden a usar o castelán en case que todas as súas relación (con pais, irmáns, amigos...)

## 2. NOTAS DE IDENTIDADE.

As notas de identidade ou principios educativos constitúen os referentes básicos que deben rexer a vida do Instituto. Estas ideas vertebradoras teñen vocación de permanencia no tempo e sintetizan a idea de centro que nós queremos.

### 2.1. INSTITUCIONAIS.

O IES Alexandre Bóveda é un centro público e, polo tanto, aberto a tódolos alumnos e alumnas que reúnan os requisitos académicos establecidos na lei, independentemente da súa raza, sexo ou crenzas relixiosas.

Maniféstase laico e respectuoso con tódalas crenzas. Así mesmo, maniféstase plural, democrático, galego e busca a integración co e no contorno en relación ás diferentes dimensións (social, lingüística, cultural, natural, económica, etc.) e ós diferentes ámbitos.

### 2.2. ESTILO DE FORMACIÓN DO CENTRO.

O noso centro concibe a educación como unha formación da persoa rexida polos principios de:

- **Coeducación:** eliminando toda discriminación por razón do sexo, traballando na corrección das desigualdades derivadas de mitos, tabús e diferenciación de roles entre o home e a muller. Queremos propiciar actitudes compensadoras de realidades socioculturais discriminatorias.
- **Integración:** conseguindo que a comunidade educativa considere ós alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais como membros con plenos dereitos e deberes, favorecendo a súa integración. Para iso faremos todo o que sexa preciso para que, co apoio

indispensable da administración, o centro se poida axeitar a tal fin, tanto no terreo arquitectónico, como nos medios (persoais e materiais), como no campo organizativo.

- **Dereito á diferenciación:** prestando especial atención á diversidade dos alumnos e alumnas con respecto tanto ás súas capacidades físicas e intelectuais, como ás súas diferencias en relación á súa cultura, relixión...
- **Educación compensatoria,** evitando as desigualdades derivadas de factores sociais, económicos, culturais, xeográficos, étnicos ou doutra índole.
- **Fomento do espírito crítico. Actitudes e valores:** perseguindo a formación integral, o espírito crítico e unha educación en valores de respecto mutuo, non violencia, tolerancia, solidariedade e respecto co medio ambiente para fomentar actitudes activas ante estes comportamentos, que se desenvolverán nun marco de "en e para" a liberdade que capacite ó individuo para unha libre e progresiva elección entre as diversas opcións que atopará na vida.

### 2.3. ENSINO – APRENDIZAXE.

- **Lingua:** a lingua do centro será o galego, e favoreceremos en todo momento o desenvolvemento das condicións necesarias para lograr a galeguización progresiva do ensino. Comprometémonos a potenciar a nosa lingua e cultura a través da interdisciplinaridade.
- **Metodoloxía:** pretendemos que o ensino/aprendizaxe sexa un proceso formador para a vida, no que o alumnado sexa o suxeito activo e o profesorado, como especialista e experto, asuma o papel de mediador e motivador, nun ambiente de traballo.
- Queremos priorizar as aprendizaxes activas, reflexivas e intelixentes, en conexión coa natureza e a vida sociocultural, fomentando nos alumnos e alumnas unha actitude curiosa, crítica, investigadora e transformadora fronte a unha aprendizaxe meramente pasiva e mecanicamente memorizadora.
- Concibimos o papel do profesor non soamente como simple "transmisor de coñecementos" senón tamén como educador de persoas con capacidades e particularidades propias que se han de desenvolver e enriquecer.

- **Avaliación:** entendemos que a avaliación, dentro dun marco o máis obxectivo posible, será unha parte formativa máis do proceso educativo e como tal debe contribuír ó desenvolvemento das capacidades do alumnado.

O respecto mutuo, a reflexión e a colaboración serán a base da orde e a disciplina, que son necesarias para o desenvolvemento do labor educativo.

Finalmente, pretendemos o máximo aproveitamento dos recursos didácticos dispoñibles así como a incorporación das novas tecnoloxías á aprendizaxe.

## 2.4. MODELO DE XESTIÓN.

Propugnamos unha xestión democrática e participativa na que o profesorado, alumnado, pais e nais e persoal non docente colaboren de maneira real e efectiva na vida e funcionamento do centro respectando en todo momento as normas aprobadas.

Por último, defendemos un centro no que a convivencia se basee no diálogo e no respecto mutuo entre tódolos membros da comunidade educativa.

## 3. O CENTRO

### 3.1. RECURSOS MATERIAIS

#### 3.1.1. Edificio.

As instalacións son as típicas dun centro con case cincuenta anos de antigüidade, pero ultimamente se foron mellorando bastante cousas (aínda que hai moito que facer ). A partir da chegada de alumnos con minusvalías, procedentes sobre todo do colexio adscrito Seis do Nadal, o centro conta con ascensor e accesos adaptados para este tipo de alumnado.

O instituto consta de dous edificios, un con dous ximnacios e vestiarios (750m<sup>2</sup>), e o outro de tres andares co resto de dependencias (5.750 m<sup>2</sup>).

#### 3.1.2. Aulas e material.

O centro dispón de **30 aulas de grupo** ( 52 m<sup>2</sup> cada unha aproximadamente) máis varias aulas de desdobres.

#### **Aulas específicas:**

- Aulas de Idiomas (2)
- Aulas de Música (2)
- Taller de Tecnoloxía



- Aulas de Plástica (2)
- Aulas de Informática (3)
- Tres laboratorios: Física, Química e Bioloxía.
- Salón de actos con capacidade para 200 persoas
- Biblioteca: aberta durante os períodos de recreo e en diferentes horas durante o horario lectivo segundo a dispoñibilidade de persoal. Acollida ao Plan de Mellora de Bibliotecas de Galicia, acadou un 3º premio nacional ás boas prácticas en bibliotecas escolares no ano 2011.
- Ximnasios e pista polideportiva.
- Aulas de pedagogía terapéutica e de grupos flexibles.

#### **Outras dependencias:**

- Sala de profesores
- Departamento de orientación
- Despacho da ANPA.
- Secretaría
- Sala de xuntas.
- Despachos de cargos directivos.
- Despachos para os seminarios, titorías, etc.
- Reprografía.
- Cafetería.
- Patios cuberto e ao aire libre e xardíns.

Aínda que o libro de texto impreso segue a ser o material máis utilizado, existe a disposición do profesorado e alumnado, proxectores, ordenadores, encerados dixitais, acceso a internet en todas as aulas e outros complementos, que permiten usar as novas tecnoloxías na aula habitual dos alumnos e alumnas.

As aulas específicas de Debuxo, Música, Tecnoloxía e Informática contan con material propio.

### **3.2. RECURSOS HUMANOS.**

#### **3.2.1. Profesorado**

O instituto conta con 17 departamentos e o seguinte nº de profesores/as no curso 2021/22 :

<b>Departamento</b>	<b>Nº profesores/as</b>
Departamento de Bioloxía e Xeoloxía	4
Departamento de Debuxo	3

Departamento de Economía	1
Departamento de Educación Física	4
Departamento de Filosofía	4
Departamento de Física e Química	5
Departamento de Latín e Grego	1
Departamento de Lingua Castelá	7
Departamento de Lingua Galega	7
Departamento de Lingua Inglesa	6
Departamento de Lingua Francesa	3
Departamento de Matemáticas	10
Departamento de Música	2
Departamento de Relixión	2
Departamento de Tecnoloxía	5
Departamento de Xeografía e Historia	7
Departamento de Orientación	4

### 3.2.2. Persoal non docente

- Persoal administrativo, 2.
- Persoal subalterno, 3.

### 3.2.3. Anpa.

Existe unha asociación de pais e nais de alumnos.

É importante a súa colaboración na organización das actividades extraescolares e complementarias do alumnado.

## 3.3 OFERTA EDUCATIVA

O instituto conta con unha oferta educativa moi ampla sendo o único centro en Vigo que oferta todos os bacharelatos.

Actualmente no IES Alexandre Bóveda impártense ensinanzas de:

- ESO
- Bacharelato:

- Modalidade Científico-Técnico.
- Modalidade de Ciencias sociais e Humanidades.
- Modalidade de Artes (música e artes escénicas).

Para máis información consultar a páxina web do centro:

[Oferta educativa | IES Alexandre Bóveda \(xunta.gal\)](#).

Ademais, neste momento o centro conta con **catro seccións bilingües** (idioma inglés):

2º ESO: Unha sección bilingüe na materia de matemáticas.

3º ESO: Dúas seccións bilingües, unha na materia de educación plástica e visual e outra na materia de matemáticas.

4º ESO: Unha sección bilingüe na materia de matemáticas

### 3.4 ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

O centro organiza unha serie de actividades extraescolares coas que se reforzará a formación do alumnado e suporán unha motivación para o mesmo. Cada curso incluíranse na programación xeral anual, o plan de actividades complementarias e extraescolares elaborado polo xefe do departamento de actividades (Vicedirector), a continuación debe ser aprobado polo consello escolar, e recollerase na memoria final de cada curso.

#### 3.4.1. Actividades deportivas

- Campionatos internos...
- A agrupación deportiva Seis do Nadal acolle a moitos dos nosos alumnos nas súas sección de balonmán e baloncesto.

#### 3.4.2. Actividades culturais

- Viaxes de estudos. 4º ESO, 1º Bacharelato e 2º Bacharelato
- Viaxes/saídas deportivas: viaxe a neve, raffting, remo...
- Visitas e saídas varias.
- Conferencias.
- Teatro.
- Publicación da revista O Besbello Saltón.
- Club de lectura.
- Club de manga.
- Comando igualdade...

### 3.5. CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO.

#### 3.5.1. Procedencia e distribución.

ANO ACADÉMICO 2021/2022

CURSO	MULLERES	HOMES	TOTAL	Nº DE GRUPOS
1º ESO	69	71	140	6
2º ESO	66	72	138	6
3º ESO	78	56	134	6
4º ESO	64	48	112	5
1º BACH	89	57	146	6
2º BACH	80	58	138	5

Os alumnos/as da ESO proceden maioritariamente dos centros adscritos: Illas Cies, Seis do Nadal, Balaídos e O Rocío cos que se mantén unha relación fluída especialmente polo traballo desenvolvido polos equipos directivos e o Departamento de Orientación.

En bacharelato segue manténdose a demanda de prazas por parte de alumnos/as que proveñen dos dous centros concertados próximos e outros centros públicos que non imparten o bacharelato Artístico.

O centro ten alumnos e alumnas con Necesidades Educativas Especiais e alumnas e alumnos estranxeiros que reciben atención específica. Tamén está adaptado para o alumnado con diversidade funcional.

#### 3.5.2. Participación na vida escolar

Observase un certo distanciamento do alumnado respecto os órganos do centro. Isto reflíctese nos datos seguintes:

- Baixo coñecemento do seu sistema de representatividade.
- Poucas candidaturas para formar parte do Consello Escolar.
- Son moito máis coñecidas as funcións dos delegados ou delegadas que as da Xunta de delegados.

Nas actividades complementarias (sobre todo nas saídas pedagóxicas e viaxes) hai unha alta participación.

Nas actividades voluntarias organizadas pola biblioteca, departamentos,... hai unha boa participación.

### 3.5.3. Outros datos de interese

O alumnado que cursa bacharelato elixe con preferencia as opcións científicas, seguido das opcións de ciencias sociais, e minoritariamente as modalidades de artes e , sobre todo, humanidades.

Se ben maioritariamente o alumnado que acada o bacharelato ten a intención de facer unha carreira universitaria, ultimamente nótase un incremento do alumnado que se inclina por facer un ciclo superior de formación profesional.

## 3.6 HORARIO LECTIVO

<b>Luns</b>	8:45 – 14:15 / 16:30-18:10
<b>Martes</b>	8:45 – 14:15
<b>Mércores</b>	8:45 – 14:15
<b>Xoves</b>	8:45 – 14:15
<b>Venres</b>	8:45 – 14:15

## 4. OBXECTIVOS DO CENTRO.

### 4.1. PEDAGÓXICOS.

#### 4.1.1. Relativos á metodoloxía.

- Priorizar o desenvolvemento harmónico das dimensións física, intelectual, afectiva, ética, estética e social do alumnado, así como a súa autoestima.
- Potenciar e favorecer a autoestima do alumnado propiciando o desenvolvemento das súas aptitudes e calidades persoais.
- Fomentar a educación como creatividade, cultivando toda conduta espontánea e persoal.

#### 4.1.2. Relativos ós contidos.

- Potenciar a lectura comprensiva e a expresión correcta tanto oral como escrita.
- Coñecer, usar e respectar a lingua galega.
- Conseguir que os coñecementos sirvan para a vida de fóra da aula.
- Potenciar o traballo en equipo favorecendo os procesos interdisciplinarios o que implica a reflexión e toma de decisións colectivas.
- Fomentar unha aprendizaxe equilibrada entre o memorístico e o dedutivo.

- Fomentar o uso dos distintos procedementos que permitan desenvolver hábitos de traballo.
- Potenciar o uso das novas tecnoloxías.
- Incentivar hábitos como a participación, atención, responsabilidade e puntualidade.
- Potenciar actitudes de coeducación, tolerancia, respecto ás diferencias e solidariedade
- Motivar o interese polo coñecemento e o estudo.

#### 4.1.3. Relativos á orientación educativa e profesional.

- Implicar ó profesorado nas tarefas de acción titorial e orientación educativa.
- Promover a orientación educativa e o asesoramento vocacional ó alumnado do centro con fins preventivos, compensadores e de desenvolvemento persoal determinando pautas de actuación educativa para alumnas e alumnos con necesidades educativas especiais.
- Lograr un estilo de orientación educativa propio do centro promovendo a investigación e innovación educativa.
- Favorecer a relación escola-familia ou titorado e institucións, fomentando a participación dos pais e nais nos procesos de ensino/aprendizaxe dos seus fillos e fillas.

### 4.2. XESTIÓN-PARTICIPACIÓN.

#### 4.2.1. Xestión.

- Promover o trato correcto, áxil e efectivo distribuíndo funcións e competencias nas relacións entre o equipo directivo, profesorado e persoal non docente co resto da comunidade educativa, co fin de acadar unha verdadeira xestión participativa.
- Xestionar de maneira axeitada e eficaz tódolos medios humanos e recursos materiais e económicos do centro.
- Intentar dotar ó centro dos medios necesarios para o seu mellor funcionamento.
- Fomentar a formación permanente e investigadora do profesorado.
- Optimizar unha rede de comunicación formal e informal que garanta unha correcta información de tódalas decisións, actividades e proxectos levados a cabo polos diversos sectores educativos.

- Fomentar a organización de grupos colaboradores, sobre todo para as actividades extraescolares, que dinamicen a estrutura organizativa do centro.

#### 4.2.2. Participación.

- Promover vías de participación activa na xestión do centro por parte de toda a comunidade escolar.
- Establecer por medio das NOFC o marco adecuado que permita a tódolos membros da comunidade educativa exercer os seus dereitos sen esquecer os seus deberes.
- Potenciar o papel do Claustro.
- Abrir as canles axeitadas para o desenvolvemento responsable das actividades extraescolares.

#### 4.3. HUMANOS.

- Fomentar a boa convivencia dentro da comunidade escolar.
- Potenciar o diálogo para resolver os conflitos.
- Potenciar o respecto mutuo..
- Ensinar a valorar o pluralismo e a pluralidade.
- Promocionar o carácter humano do centro.
- Controlar a asistencia do alumnado, tendo sempre informados ós pais e nais.
- Conseguir o respecto das NOFC.
- Manter limpos e coidados os materiais e o centro.

#### 4.4. CONTORNO.

- Considerar que o centro pertence a unha realidade urbana, social e económica determinada.
- Impulsar as saídas que fomenten o coñecemento deste contorno.
- Impulsar as comunicacións cos colexios de primaria do noso contorno.
- Ter relacións coas institucións e organizacións sanitarias, políticas, sociais e culturais do contorno.
- Comprometerse no coidado do medio ambiente, facendo propostas e actividades encamiñadas a ese fin.

## 5. CRITERIOS DE AVALIACIÓN, PROMOCIÓN, TITULACIÓN E MATRICULA DE HONRA

Orde 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación en Primaria, ESO e Bacharelato DOG 11/02/2022

### 5.1. ESO

#### 5.1.1. Avaliación ESO

A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes os estándares de aprendizaxe que se recollen no Decreto 86/2015, do 25 de xuño para a comprobación do grao de:

- Adquisición das competencias
- Logro dos obxectivos da etapa

No caso do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirle a promoción ao seguinte curso ou a obtención do título de graduado ou graduada en educación secundaria obrigatoria.

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado de educación secundaria obrigatoria será:

- **Continua.** Neste contexto, cando o progreso dunha alumna ou dun alumno non sexa o adecuado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, con especial seguimento da situación do alumnado con necesidades educativas especiais, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo.
- **Formativa.** A avaliación das aprendizaxes das alumnas e dos alumnos terá un carácter formativo e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe.
- **Integradora.** A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado deberá ser integradora e deberán terse en conta como referentes últimos, desde todas e cada unha das materias ou ámbitos, a consecución dos obxectivos establecidos para a etapa e o desenvolvemento das competencias correspondentes

#### Sesións de avaliación

Durante o curso realizaranse tres avaliacións parciais, unha avaliación final e unha avaliación inicial no primeiro mes do curso.

#### Avaliación inicial.

Na segunda metade do mes de outubro realizarase unha **avaliación inicial do alumnado da ESO** coa finalidade de detectar necesidades de apoio ou reforzo educativo, analizar o funcionamento dos agrupamentos flexibles e detectar problemáticas nos grupos para poder aportar solucións.



Nesta avaliación inicial participará todo o profesorado de cada grupo da ESO, membros do equipo directivo e departamento de orientación.

### **Avaliacións parciais**

- Realizaranse para cada grupo tres sesións de avaliación parciais. Así mesmo, farase o seguimento da recuperación das materias ou dos ámbitos pendentes, se fora o caso.
- A derradeira destas tres avaliacións realizarase nas datas que se determinen na norma que estableza o calendario escolar para cada curso.
- Entre a 3ª avaliación e avaliación final realizaranse actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e tutoría.
- Alumnado con materias ou ámbitos sen superar despois de realizada a 3ª avaliación: o equipo docente realizará un breve informe de avaliación individualizado como base para o deseño das correspondentes actividades de recuperación. Establecerase un calendario de probas/tarefas para o alumnado con materias pendentes

### **Avaliación final ordinaria**

- Terá lugar no mes de xuño de acordo as datas que se determinen na norma que estableza o calendario escolar para cada curso.
- Nesta avaliación reflectirase a cualificación final de cada materia e decidirse a promoción ao curso seguinte ou a titulación
- Na avaliación final de cada curso realizarase unha valoración das competencias clave. Os resultados expresaranse nos termos de insuficiente (IN), para as cualificacións negativas, e suficiente (SU), ben (BE), notable (NT) ou sobresaliente (SB), para as cualificacións positivas.

Nas programacións estableceranse os criterios de cualificación de cada avaliación e os criterios de cualificación da avaliación final.

A avaliación do alumnado con AC farase segundo o establecido na súa propia adaptación e segundo os obxectivos establecidos para el/ela.

Revisión da AC segundo a evolución do alumnado con adaptación unha vez oído o titor/a, o profesorado da materia e seguindo as pautas do Departamento de Orientación.

## **ESO: non hai avaliación extraordinaria.**

### **5.1.2. Promoción ESO**

O alumnado promocionará de curso no caso de ter:

- Avaliación positiva todas as materias cursadas.

- Avaliación negativa en dúas materias como máximo.

Máis de 2 materias con avaliación negativa: o equipo docente poderá decidir a promoción dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran todas as seguintes condicións:

- Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco \*\*.
- Que o equipo docente considere que a natureza das materias non superadas lle permite seguir con éxito o curso seguinte.
- Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.
- Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica

**\*\*No computo de materias non superadas tense en conta as materias do propio curso e ás de cursos anteriores que o alumno ou alumna poida ter pendentes.**

Quen teña promoción sen superar todas as materias deberá matricularse das materias non superadas, seguirá os programas de reforzo que estableza o equipo docente e deberá superar as avaliacións correspondentes aos devanditos programas de reforzo.

O alumnado que **non promocióne** permanecerá un ano máis no mesmo curso e a repetición irá acompañada dun plan de recuperación das aprendizaxes non adquiridas co fin de favorecer a adquisición das competencias básicas.

En todo caso, a alumna ou o alumno poderá permanecer no mesmo curso unha soa vez, e dúas veces como máximo ao longo do ensino obrigatorio. De xeito excepcional poderase permanecer un ano máis no cuarto curso, aínda que se esgotase o máximo de permanencia, sempre que o equipo docente considere que esta medida favorece a adquisición das competencias establecidas para a etapa.

Os criterios de promoción do alumnado con AC serán os mesmos que os criterios de promoción establecidos para cada curso

### 5.1.3. Título de graduado en educación secundaria obligatoria (4º ESO)

- Todas as materias ou ámbitos superados.

Ademáis, o equipo docente poderá decidir a obtención do título por parte dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

- a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.

b) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno adquirise as competencias establecidas.

c) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa.

As decisións adoptadas polo equipo docente irán referidas á promoción e á titulación do alumnado, ás medidas de atención á diversidade e a todas as que incidan no proceso educativo do alumnado. De non existir unanimidade no equipo docente, a toma de decisións requirirá o acordo favorable da maioría simple dos seus membros.

Os criterios de titulación do alumnado con AC serán os mesmos que os criterios de titulación os establecidos por regra xeral.

#### 5.1.4 Matricula de Honra na ESO

O alumnado con nota media do 4º curso igual ou superior a nove puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra. A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no cuarto curso.

En caso de empate procederase ao desempate tendo en conta a nota media de 3º da ESO. Se o empate continua recorrérase a nota media de 2º da ESO.

#### 5.1.5. Consello orientador

Ao final do 2º e 4º curso da ESO entregaráselle ao pai/nai/titores legais do alumno/a un Consello Orientador que incluírá unha proposta a pais, nais ou titores/ as legais ou, no seu caso, ao alumno ou á alumna do itinerario máis adecuado a seguir, así como a identificación, mediante informe motivado, de grao de logro dos obxectivos da etapa e de adquisición das competencias correspondentes que xustifica a proposta.

O consello orientador poderá incluír unha recomendación aos pais, ás nais ou aos/as titores/ as legais e, no seu caso, ao alumno ou á alumna sobre a incorporación a un programa de diversificación curricular ou a un ciclo de formación profesional básica.

Ademais de nos casos anteriores, cando o equipo docente considere conveniente propor a pais, nais, titores ou titoras legais, ou á alumna ou ao alumno a súa incorporación a un ciclo formativo de grao básico ou a un programa de diversificación curricular.

## 5.2. BACHARELATO.

### 5.2.1. Avaliación en Bacharelato

A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes os estándares de aprendizaxe que se recollen no Decreto 86/2015, do 25 de xuño para a comprobación do grao de:

- Adquisición das competencias
- Logro dos obxectivos da etapa

A avaliación da aprendizaxe do alumnado será continua e diferenciada segundo as distintas materias, terá un carácter formativo e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe.

O profesorado de cada materia decidirá, ao termo do curso, se a alumna ou o alumno logrou os obxectivos e alcanzou o adecuado grao de adquisición das competencias correspondentes.

O alumnado que non supere algunha materia, logo da avaliación final do período ordinario, coa finalidade de lle facilitar a súa recuperación, terá dereito a realizar unha proba extraordinaria nas datas que se determinen na norma que estableza o calendario escolar para cada curso.

#### **Sesións de avaliación:**

- Ao longo de cada curso realizaranse para cada grupo tres sesións de avaliación parciais.
- A derradeira destas tres sesións coincidirá coa avaliación final do período ordinario.
- Así mesmo, farase o seguimento da recuperación das materias pendentes, se fora o caso.
- Avaliación extraordinaria: realizarase antes de finais de xuño.

En 1º de Bacharelato, o período abranguido desde a realización da avaliación final ordinaria ata o remate do período lectivo dedicarase a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación, titoría e preparación para a realización das probas extraordinarias.

En 2º de Bacharelato, o período abranguido desde a realización da avaliación final ordinaria ata as datas de celebración das probas extraordinarias impartiranse clases co fin de preparar o alumnado para a realización da avaliación de acceso á universidade e das probas extraordinarias. Establecerase un calendario de probas da convocatoria extraordinaria para o alumnado con materias non superadas na convocatoria ordinaria

### 5.2.2. Promoción en Bacharelato

**Promocionarán de 1º a 2º de Bacharelato o alumnado que:**

- Fora avaliado positivamente en todas as materias

- Aqueles que tivesen avaliación negativa nunha ou dúas materias. Neste caso, deberán matricularse en segundo curso das materias pendentes.

Para os efectos deste punto, só se computarán as materias que como mínimo a alumna ou o alumno deben cursar en cada un dos bloques. No bloque de materias de libre configuración autonómica só se computará Lingua Galega e Literatura, con independencia de que as alumnas e os alumnos poidan cursar máis materias do devandito bloque.

O alumnado con máis de dúas materias suspensas deberá repetir curso.

O alumnado que ao finalizar o **segundo curso de Bacharelato** teña **avaliación negativa nalgunhas materias** poderá:

- Matricularse soamente das materias con avaliación negativa.
- Matricularse de todas as materias de segundo. Neste caso, non se manterán as cualificacións das materias do devandito curso que o alumno/a tivera superado.

### 5.2.3. Título de Bacharelato

O título de bacharel acredita o logro dos obxectivos establecidos para a etapa e a adquisición das competencias correspondentes.

- Para obter o título de bacharelato cumprirá a avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de bacharelato.

Excepcionalmente, o equipo docente poderá decidir a obtención do título de bacharelato por unha alumna ou un alumno que superase todas as materias agás unha, sempre que se cumpran ademais todas as condicións seguintes:

- a) Que o equipo docente considere que a alumna ou o alumno alcanzou as competencias e os obxectivos vinculados a ese título.
- b) Que non se produciu unha inasistencia continuada e non xustificada por parte da alumna ou do alumno na materia.
- c) Que a alumna ou o alumno se presentou ás probas e realizou as actividades necesarias para a súa avaliación, incluídas as da convocatoria extraordinaria.
- d) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias da etapa cursadas que como mínimo se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata sexa igual ou superior a cinco. Neste caso, para os efectos do cálculo considerárase a nota numérica obtida na materia non superada.

**\*\*As decisións adoptadas polo equipo docente irán referidas á promoción e á titulación do alumnado, ás medidas de atención á diversidade e a todas as que incidan no proceso educativo do**

alumnado. De non existir unanimidade no equipo docente, a toma de decisións requirirá o acordo favorable da maioría simple dos seus membros

#### 5.2.4. Acreditación de coñecementos previos en materias de continuidade

A superación das materias de segundo curso que se indican a continuación estará condicionada á superación das correspondentes materias de primeiro curso, por implicar continuidade.

1º Curso de Bacharelato	2º Curso de Bacharelato
Lingua Galega e Literatura I	Lingua Galega e Literatura II
Lingua Castelá e Literatura I.	Lingua Castelá e Literatura II
Matemáticas I	Matemáticas II
Primeira lingua estranxeira I	Primeira lingua estranxeira II
Debuxo Técnico I	Debuxo Técnico II
Latín I	Latín II
Grego I	Grego II
Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I	Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II
Fundamentos da Arte I	Fundamentos da Arte II
Cultura Audiovisual I	Cultura Audiovisual II
Análise Musical I	Análise Musical II
Debuxo Artístico I	Debuxo Artístico II
Segunda Lingua Estranxeira I	Segunda Lingua Estranxeira II
Tecnoloxía industrial I	Tecnoloxía industrial II
Tecnoloxía da Información e da Comunicación I	Tecnoloxía da información e da Comunicación II
Física e Química	Física/Química
Bioloxía e Xeoloxía	Bioloxía/Xeoloxía

Con todo, o alumnado poderá matricularse da materia de segundo curso sen cursar a correspondente materia de primeiro curso, sempre que o profesorado que a imparta considere que o alumno ou a alumna reúnen as condicións necesarias para poder seguir con aproveitamento a materia de segundo. En caso contrario, deberase cursar a materia de primeiro curso, que terá a consideración de materia pendente, aínda que non será computable para os efectos de modificar as condicións en que se terá promoción a segundo.

### 5.2.5. Matrícula de Honra

O alumnado que, despois da avaliación ordinaria do mes de maio, obtivera unha nota media en 2º de bacharelato igual ou superior a 9, poderá obter a distinción de Matrícula de Honra. A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no segundo curso.

En caso de empate procederase ao desempate tendo en conta a nota de 1º de bacharelato. Se o empate continua recorrérase a nota de 4º da ESO.

### 5.3. RECLAMACIÓNS CUALIFICACIÓNS

As **reclamacións** referentes á avaliación continua dirímense no centro, prevalecendo o xuízo do equipo de profesores. As reclamacións referentes á avaliación final, intentaranse dirimir en primeira instancia no centro e se o desacordo entre reclamante e centro continuase, o director/a deberá enviar a reclamación á Subdirección Xeral de Inspección Educativa no prazo establecido .

Os prazos para as reclamacións finais serán publicados na páxina web do centro.

## 6. ELEMENTOS TRANSVERSAIS E EDUCACIÓN EN VALORES.

Dende o centro consideramos que a tarefa máis importante é formar persoas responsables capaces de convivir en liberdade. Por iso, fomentárase e promovérase os seguintes valores:

- **Igualdade:** rexeitando caquera actitude discriminatoria por razón de sexo, relixión, ideas...
- **Cultura da Paz**, entendida como o rexeitamento dos comportamentos violentos, o uso do diálogo e o establecemento de normas de convivencia consensuadas. Neste senso, o servizo de **mediación escolar** será un instrumento básico na transmisión destes valores.
- **Respecto e tolerancia** aos demais e á súa diversidade, así como capacidade de aceptar e respectar as ideas e opinións distintas das propias.
- **Solidariedade**, compartindo as responsabilidades na procura do interese común.
- **Cooperación**, fomentando o traballo coordinado e en equipo na procura dun obxectivo común.
- **Empatía:** ser capaces de entender aos demais, de poñernos no seu lugar, para así fortalecer as relacións humanas, fomentar a comunicación entre as persoas e mellorar a sociedade.

- **Autonomía na toma de decisións**, como capacidade de adoptar decisións e actuar de forma coherente en situacións diversas.

Polo tanto, desde os diferentes departamentos didácticos e a través das diferentes materias debemos transmitir unha serie de valores ao noso alumnado para que os apliquen na súa vida diaria.

## 7. LIÑAS XERAIS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE

As medidas de atención a diversidade na ESO están orientadas a responder ás necesidades educativas concretas do alumnado, ao logro dos obxectivos da educación secundaria obrigatoria e a adquisición das competencias correspondentes, e non poderán, en ningún caso, supoñer unha discriminación que lle impida alcanzar ditos obxectivos e competencias, e a titulación correspondente.

As medidas organizativas tanto de atención á diversidade como de titoría requiren dunha coordinación semanal eficaz entre o equipo docente, orientación e a propia dirección. Para o desenvolvemento axeitado, o IES Alexandre Bóveda desde o curso 1998/1999 mantén reunións semanais no horario lectivo docente entre titorado de cada nivel educativo, profesoras especialistas en pedagogía terapéutica, orientador e segundo demanda, un membro do equipo directivo.

Descríbimos agora cada medida de carácter ORDINARIO e EXTRAORDINARIO

### 7.1 MEDIDAS ORDINARIAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE:

- Reforzos por parte do profesorado de aula con dispoñibilidade horaria sen alteracións de carácter significativo.
- Adaptación de criterios de avaliación, instrumentos e procedementos por parte do profesorado de aula.
- Adecuación da estrutura organizativa (metodoloxía, horarios, agrupamentos, espazos e tempos)
- Adecuación da programación didáctica e axustes.
- Desdobre de grupos.
- Programas de habilidades sociais, de enriquecemento curricular, de recuperación, programas de reforzo de áreas instrumentais básicas ..
- Aulas de atención e convivencia. Mediación entre iguais,..



- Metodoloxías baseadas no traballo cooperativo, titoría entre iguais, e outras que promovan a inclusión.

### **MEDIDAS EXTRAORDINARIAS:**

Aplícanse unha vez que as de carácter ordinario se esgotan ou son insuficientes. Son de carácter significativo e se aplican a alumnado con problemas diversos e con dificultades persistentes no tempo. Recoméndase autorización familiar.

#### **7.2 APOIOS PARA CASOS ESPECÍFICOS POR PARTE DE ESPECIALISTAS EN PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA**

Medida reversible para alumnado que polas súas características e dificultades de aprendizaxe necesite apoio individual ou en pequeno grupo por parte das dúas profesoras especialistas.

As especialistas en pedagogía terapéutica interveñen nas aulas de grupo flexible e nas ordinarias.

Atenden a todo o alumnado, en especial ao o de NEAE. Se algún alumno/a precisa atención individualizada sairá da aula nun máximo de tempo que non exceda á terceira parte da xornada escolar (preferentemente na área a traballar) ou, durante outra, dependendo da gravidade da situación.

#### **7.3 ADAPTACIÓN CURRICULAR (AC).**

O alumnado con AC ten problemas diversos e necesita dun documento de adaptación curricular que será autorizado pola Inspección Educativa

- O profesorado decide antes da 1ª avaliación as áreas na que un alumno/a necesita AC.
- currículo será o de referencia do nivel educativo que corresponda, pero con nivel de esixencia adaptado ao alumnado.
- A metodoloxía será personalizada e adaptada baseada nos aprendizaxes que xa ten adquiridos.
- Os contidos serán adaptados á súa realidade.
- Avaliación con AC:
- Os criterios de avaliación e as probas deben ser adaptados, asequibles, e personalizados.
- Si o/a alumno/a con AC está tamén no grupo flexible, avalía o/a profesor/a que lle toque.
- A hora de poñer as notas no xade das materias adaptadas cursaremos: "AC"
- A AC na ESO ten duración dun curso escolar e revísase ao final de cada ano.

- O documento de AC, ten varios requisitos, debe de acomodarse a realidade do alumno/a e entregarse ao departamento de orientación a principios de decembro para ser cursada á Inspección.

#### 7.4 EXENCIÓN DE IDIOMA PARA REFORZO: (expresamente non se considera medida extraordinaria)

- Para alumnado que repetiu en EP, e ten dificultades xerais de aprendizaxe. É a eliminación do idioma francés do seu currículo en 1º e 2º de ESO. Este alumnado non pedirá o francés con posterioridade.
  - Os reforzos recibiranse no seu lugar, 1 sesión de matemáticas e outra de LC/LG. Se tiveron esta medida en 1º tamén a terán en 2º de ESO.
  - Segundo o currículo son considerados reforzos das competencias lingüística e matemática. Traballaranse técnicas instrumentais, cálculo, expresión oral e escrita, comprensión ..
  - A metodoloxía das áreas instrumentais será de xeito dinámico, participativo. Con materiais e recursos motivantes.
- Estes reforzos non teñen avaliación directa. Pódese coordinar co profesorado de área si a evolución é positiva, para que este alumnado teña “incentivos” por parte do profesorado. (a hora de poñer as notas das materias no xade, comprobar si na materia de Francés ven “Ex”)

#### 7.5 AGRUPAMENTOS FLEXIBLES

Son para alumnado con problemas diversos.

Son desdobres parciais ou totais posibles dalgunha das materias de Linguas, Matemáticas, Xeografía e Historia, Bioloxía Xeoloxía, Física e Química.

- Nº máximo dos grupos de 10 ou 12 alumnos/as.
- currículo será do nivel educativo que corresponda, pero con nivel de esixencia adaptado ao alumnado.
- A metodoloxía será personalizada e adaptada ao grupo de alumnos/as.
- Avaliación en **agrupamentos flexibles**:
- Os criterios de avaliación e as probas deben ser asequibles, e personalizadas.
- No grupo flexible avalía o/a profesor/a que imparta a materia. (a hora de poñer as notas no xade das materias en grupo flexible cursaremos: “RE” reforzo)

A duración da medida é flexible. O alumnado que mellore no grupo flexible, despois das avaliaci3ns, do seguimento do/a profesor/a, e do departamento de orientaci3n, se seguen o ritmo, poden incorporarse ao grupo ordinario.

### **Outros tipos de agrupamentos flexibles para alumnado:**

**Grupo de adquisici3n de linguas:** dirixida os/as que descoñezan as dúas linguas oficiais

**Grupo de adaptaci3n da competencia curricular:** para os/as que presenten un desfase de 2 cursos ou máis do que lle correspondería pola súa idade.

### **7.6 PROGRAMAS DE DIVERSIFICACI3N CURRICULAR PARA 3º E 4º DE ESO:**

A partir da aplicaci3n da nova lei LOMLOE no curso 2022/2023 para 3º e 23/24 para 4º de ESO As condici3ns ser3n similares á da lei LOE. Actualmente é o PMAR de 2º e 3º de ESO.

### **7.7. FLEXIBILIZACI3N DO PERÍODO DE ESCOLARIZACI3N**

Medida posterior á realizaci3n dun AC. Require conformidade expresa da familia e autorizaci3n da Direcci3n Xeral. Trátase de aumentar ou reducir un curso ademais do establecido como carácter xeral na etapa (faise no mes de abril)

### **7.8. ENVÍO ALUMNADO A FP BÁSICA**

É unha medida aplicar ao alumnado entre 15 e 17 anos de 2º e 3º de ESO que non remata os seus estudos (a partir do curso 2022/23 Ciclos Formativos de Grao Básico). Deste xeito facendo os 2 cursos desta FP poden acceder de xeito directo aos Ciclos Medios de FP e conseguir o título da ESO.

### **7.9 ATENCI3N EDUCATIVA AO ALUMNADO**

Alumnado que por circunstancias diversas presenta dificultades para unha asistencia continuada ao IES.

## **8. ASPECTOS XERAIS DAS PROGRAMACI3NS DIDÁCTICAS.**

- O profesorado do centro, baixo a coordinaci3n das xefaturas dos departamentos didácticos, desenvolverá o currículo establecido mediante a programaci3n didáctica de cada materia de cada curso que teña encomendada na organizaci3n docente do centro.

- A programación didáctica deberá ser o instrumento de planificación curricular específico e necesario para desenvolver o proceso de ensino e aprendizaxe do alumnado de maneira coordinada entre o profesorado integrante do departamento.
- Os/As xefes/xefas de departamento entregarán as programacións ou modificacións das mesmas en formato electrónico ao inicio do curso escolar.
- Unha vez que a xefatura de estudos teña no seu poder todas as programacións cumprimentadas correctamente deberá remitir unha copia ao servizo de inspección educativa en formato electrónico.
- cambio de profesorado non debe implicar unha nova programación senón que todo profesor/a que se incorpore a un departamento debe adaptarse á programación vixente.
- As programacións didácticas incluírán en cada materia, polo menos, os seguintes elementos:

a) Introducción e contextualización.

b) Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Concreción que recolla a relación dos estándares de aprendizaxe avaliábeis da materia que forman parte dos perfís competenciais.

c) Concreción, de ser o caso, dos obxectivos para o curso.

d) Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliábeis de:

- 1º. Temporalización.
- 2º. Grao mínimo de consecución para superar a materia.
- 3º. Procedementos e instrumentos de avaliación.

e) Concrecións metodolóxicas que require a materia.

f) Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar.

g) Criterios sobre a avaliación, a cualificación e a promoción do alumnado.

h) Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.

i) Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.

j) Organización dos procedementos que permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso do bacharelato.

k) Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.

l) Medidas de atención á diversidade.

m) Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda.

n) Actividades complementarias e extraescolares programadas por cada departamento didáctico.

ñ) Mecanismos de revisión, de avaliación e de modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.

As programacións didácticas estarán publicadas, ao inicio do curso, na páxina web do centro dentro do apartado Departamentos

## 9. ORGANIZACIÓN DO CENTRO.

### 9.1 ÓRGANOS DE GOBERNO

<b>Unipersoais:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Director/a</li> <li>• Xefe/a de estudos</li> <li>• Secretario/a</li> <li>• Vicedirector/a</li> </ul>
<b>Colexiados</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Claustro</li> <li>• Consello Escolar. Integrado por: <ul style="list-style-type: none"> <li>➤ Directora</li> <li>➤ Xefe de estudos</li> <li>➤ 7 profesores/as</li> <li>➤ 3 pais/nais</li> <li>➤ 4 alumnos/as</li> <li>➤ Representante do concello</li> <li>➤ 1 representante da administración e servizos</li> <li>➤ Secretario (con voz e sen voto).</li> </ul> </li> </ul>

### 9.2.ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE

<b>Departamentos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Orientación</li> <li>• Didácticos</li> </ul>
<b>Comisión de Coordinación Pedagóxica</b>	<p>Está integrada por:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>➤ Director/a.</li> </ul>

	<ul style="list-style-type: none"> <li>➤ Xefe/ade Estudos .</li> <li>➤ Xefes de Departamento.</li> <li>➤ Coordinador/a do Equipo de Normalización Lingüística.</li> <li>➤ Profesor/a de apoio a alumnos/as con necesidades educativas especiais.</li> <li>➤ Actuando como Secretario un membro da Comisión designado polo Director/a, oídos os restantes membros.</li> </ul>
<b>Equipo de dinamización da lingua galega</b>	A coordinación do equipo será desempeñada por un profesor ou profesora preferentemente con destino definitivo no centro
<b>Coordinador TIC</b>	A dirección do centro designará a unha persoa como responsable das TIC coa finalidade de lograr unha maior difusión das Tecnoloxías da Información no centro.
<b>Equipo da Biblioteca</b>	Estará composto por profesorado de diferentes departamentos do centro, coordinado pola persoa responsable da biblioteca

## 10. ALUMNADO

### 10.1. DELEGADO/A DE GRUPO

#### **Elección de delegado/a.**

Cada grupo de alumnos elixirá a por sufraxio directo, secreto e non delegable durante o primeiro mes do curso escolar, un delegado de grupo, que formará parte da xunta de delegados. Elixirase tamén un subdelegado, que substituíra o delegado en caso de ausencia ou enfermidade e apoiarao nas súas funcións.

As eleccións de delegados e subdelegados serán convocadas polo xefe ou xefa de estudos e serán organizadas por este en colaboración co departamento de orientación, e cos titores/as dos grupos.

O nomeamento do delegado e subdelegado poderán ser revogados:

- ✓ Pola maioría absoluta dos alumnos e alumnas do curso previo informe razoado dirixido o titor ou titora.
- ✓ Por renuncia razoada do interesado ou interesada dirixida o titor ou titora.
- ✓ Por incumprimento grave dos seus deberes e funcións a proposta do titor/a ou da maioría absoluta da xunta de profesores/as.

Nestes casos, procederase á convocatoria de novas eleccións o máis axiña posible.

## 10.2. XUNTA DE DELEGADOS

Integrada por representantes dos alumnos dos distintos grupos e representantes dos alumnos no C.E.

Estará presidida por un membro elixido entre os compañeiros para facer chegar as propostas ós órganos de dirección ou de coordinación didáctica.

Constituirase no primeiro mes do curso

## 11. APROBACIÓN E REVISIÓN DESTE DOCUMENTO

Este documento foi aprobado en Claustro e Consello Escolar o día 1 de xuño de 2021. Ao principio de curso realizaranse as actualizacións oportunas .

Revisión e actualización: Abril de 2022

